

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN CLÚSTER DO NAVAL GALEGO PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE CUALIFICACIÓN E RECUALIFICACIÓN DA POBOACIÓN ACTIVA EN SECTORES ESTRATÉXICOS E MELLORA DAS CAPACIDADES PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, Elena Rivo López, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 68/2023, do 14 de xuño (DOG núm. 113, do 15.06.2023), no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia (DOG núm. 23, do 21.03.1983).

Doutra parte, a Asociación Clúster do Naval Galego (en adiante, Aclunaga), e no seu nome e representación Óscar Manuel Gómez Díaz, con NIF 32659602Q, en calidade de xerente da mesma e con poderes suficientes para este acto segundo consta en escritura de elevación a público do Acordo da Xunta Directiva de data 2 de xullo 2014, con NIF G15710338 e con domicilio na rúa Montero Ríos, nº 38, 1º esquerda, Vigo 36201 (Pontevedra).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución Española, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

Segundo.- Segundo o artigo 48 do Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación ten, entre outras, as competencias en materia de dirección, programación e xestión das actuacións da consellería en materia de cualificación e recualificación profesional ao longo da vida laboral e, singularmente, a coordinación da participación das entidades



colaboradoras, con e sen ánimo de lucro, na execución e desenvolvemento dos servizos de políticas activas de emprego, a través da colaboración público-privada.

Así mesmo, correspóndelle a promoción da relación constante co tecido produtivo que permita a definición de plans de cooperación sectoriais a través da formación modular e itinerarios personalizados e o desenvolvemento de programas de cualificación e recualificación da poboación activa, con atención prioritaria aos sectores claves tradicionais para responder á súa recuperación e adaptación ás novas claves económicas, apoiando a orientación e a formación das persoas que traballan nestes sectores, para garantir a adecuación dos seus perfís profesionais ás necesidades e cambios que se producen no mercado laboral.

Terceiro.- Aclunaga é unha entidade non lucrativa que aglutina a empresas, asociacións empresariais, colexios, asociacións profesionais e outros axentes do sector da construción naval da Comunidade Autónoma de Galicia. Este sector inclúe tanto a empresas de construción, reparación e conversión de buques como empresas que proveñen de produtos e servizos.

O sector naval galego constitúese como un sector estratéxico para a Comunidade Autónoma grazas á creación de emprego, tanto no propio sector como en actividades relacionadas.

Aclunaga ten, entre os seus obxectivos, impulsar a colaboración entre as empresas que o integran, potenciar as súas capacidades e xerar alianzas entre elas co obxectivo de elevar o nivel competitivo dos produtos e servizos nos mercados nacionais e internacionais, desenvolver todo tipo de accións para favorecer o incremento da competitividade e incrementar a innovación, o desenvolvemento profesional das persoas e a excelencia operativa co fin de garantir a competitividade do sector.

Para a consecución deses obxectivos, entre outras actuacións que desenvolve, está a coordinación das relacións institucionais e a interlocución coas Administracións para o desenvolvemento de actuacións de interese para o sector, así como tamén contribuír a mellorar a cualificación e a formación das empresas asociadas e do seu persoal, fomentando, coordinando e impartindo cursos, seminarios e programas formativos.

Cuarto.- Galicia conta con 323 empresas enmarcadas na industria naval, que supoñen 13.243 postos de traballo directos e máis de 30.000 inducidos, xa que se estima que o sector xera, por cada posto de traballo, outros 2,5 postos. Así mesmo, este sector xera uns ingresos de ao redor de 1.957 millóns de euros, que representan o 3,3 % do PIB da Comunidade Autónoma de Galicia.

Actualmente, participan no clúster 133 empresas e axentes cuxos servizos cobren todos os segmentos da cadea de valor do sector da construción e reparación naval, dende estaleiros e enxeñarías ata sociedades de clasificación e certificadoras, empresas provedoras de bens de equipo e



subministracións, empresas habilitadoras, instaladores ou empresas do metal, centros tecnolóxicos, aseguradoras e entidades financeiras.

Quinto.- Para contextualizar a perspectiva do mercado laboral no sector hai que ter en conta que, nos últimos anos, as crises económicas que o afectaron precipitaron o peche dalgúns estaleiros coas súas respectivas perdas de postos de traballo e, neste contexto, parece que a adaptación á industria 4.0 e a inversión en innovación para a construción máis sostible, están constituíndo vías para rexenerar emprego no sector. Trátase, ademais, dun sector cíclico e cunha cadea de valor moi ampla.

As iniciativas que se están poñendo en marcha para a recuperación do sector naval enfócanse a través da innovación e a transformación dixital. Entre outras, algunhas destas iniciativas son: a capacitación e formación de profesionais e adaptación a novas tecnoloxías, creación de plataformas da cadea de subministracións para integrar aos estaleiros, subministradores, industria colaboradora e pymes do sector a través do uso de tecnoloxías comúns; automatización de procesos produtivos, que integra o uso de tecnoloxías dende a robótica ata a realidade virtual, pasando pola impresión 3D, o Internet das cousas, cloud computing, blockchain, desenvolvemento de combustibles limpos ou para o almacenaxe de enerxía.

Desde un punto de vista global, este proceso de transformación dos postos está enmarcado no seguinte contexto: a constante evolución cara a industria 4.0 dará lugar a que os perfís profesionais deban estar en constante formación e evolución no uso e aplicación das diferentes solucións tecnolóxicas.

Entre os principais retos dixitais aos que se enfronta o sector naval están a dixitalización das operacións e a cadea de valor a través do xemelgo dixital, grazas ao cal se poderán prestar servizos intelixentes, como o mantemento predictivo que empregarán tecnoloxías como a intelixencia artificial ou o 5G para maximizar o valor do negocio; a creación de plataformas e tecnoloxías de uso común e a implantación de procesos comúns dixitalizados ou automatizados e, consecuentemente, o desenvolvemento de plans de formación adaptados ás necesidades do sector que permitan preparar persoal cualificado para cubrir o déficit de man de obra.

Sexto.- Estas novas tecnoloxías están marcando xa o talento e capacidades demandadas polas empresas, de xeito que os profesionais deben adaptarse a unha revolución que non ten porque supoñer destrución de emprego, senón que suporá unha reconversión dos empregos de maior valor engadido. Nesa evolución son fundamentais a formación e a mellora da empregabilidade, para que os profesionais poidan dar respostas ás necesidades que lles require un mercado laboral tan dinámico.



Todo isto leva consigo a transformación dalgúns postos de traballo que deberán adquirir novas habilidades e coñecementos en materia tecnolóxica e que, debido a esa transformación tecnolóxica, ese tipo de perfís deberán manterse en constante formación.

Por eses motivos, entre os retos inmediatos do sector está a cualificación e recualificación profesional do persoal que permita abordar os procesos de transformación que se están producindo e que implican a transformación dalgúns postos de traballo. Neste sentido, o Estudo de tecnoloxías emerxentes para a transformación da formación para o emprego elaborado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, coa finalidade de anticiparse ás consecuencias e efectos que van supoñer os procesos de transformación no mercado laboral e, polo tanto, na vida diaria das persoas traballadoras e das empresas, amosa nos seus resultados que se advirte a existencia dun déficit de persoas cualificadas nas novas tecnoloxías, o que fai necesario actuar en varios ámbitos, sendo un deles o da formación, sobre todo no que atinxe a dar resposta ao cambio na demanda de competencias e cualificacións que vai ter que afrontar o emprego nos próximos anos.

O estudo realizou unha análise e detección de necesidades formativas baseadas na implantación de 14 tecnoloxías emerxentes, especialmente potenciadas polo efecto da COVID-19, para tratar de prever os futuros requirimentos formativos que serán demandados desde o noso mercado de traballo nun total de 15 sectores, entre os que está o sector da construción naval.

Sétimo.- A actuación de Aclunaga, como entidade que aglutina as empresas do sector da construción naval en Galicia, constitúe unha alternativa coadxuvante da acción pública cara a paliar o desequilibrio entre os niveis de cualificación da poboación activa e as necesidades futuras do mercado laboral. Aclunaga, polos seus propios obxectivos, ten o coñecemento de base para anticiparse ás necesidades futuras e á mellora da formación, favorecendo e promovendo a capacitación profesional das empresas que o integran e que lles permita impulsar a súa produtividade e competitividade, e facer fronte así, ás oportunidades de negocio que os mercados ofrecen.

Oitavo.- O Consello Europeo aprobou o 21 de xullo de 2020 o instrumento financeiro Next Generation EU, que inclúe como elemento central o Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR), cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, permitindo levar a cabo reformas tanto a nivel nacional como en cogobernanza coas Comunidades Autónomas con competencias transferidas.



En liña co anterior, o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021 aprobou o Proxecto do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para España e este foi aprobado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021.

Noveno.- O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia inclúe como compoñente 20 o Plan estratéxico de Impulso á Formación Profesional, que supón a continuidade do Plan de Modernización da Formación Profesional. Entre as inversións dese compoñente 20 está a inversión 1, denominada “Reskilling y Upskilling de la población activa ligado a cualificaciones profesionales” entre cuxas liñas de actuación figura a número 4, que atende á formación en competencias emerxentes, de rápida evolución e con perspectiva na xeración de emprego. Así mesmo, atende tamén á formación naqueles sectores que, como consecuencia da previsible evolución das condicións económicas e sociais, xerarán no futuro postos de traballo.

Décimo.- As actuacións incluídas no Plan de Modernización da Formación Profesional execútanse, entre outros, a través dos créditos que se distribúen ás Comunidades Autónomas, financiándose esas actuacións co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, establecido polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19 e rexido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021.

O día 3 de maio de 2023 o Consello de Ministros aprobou o Acordo polo que se autoriza a proposta de distribución territorial e os criterios de reparto dos créditos xestionados polas Comunidades Autónomas destinados ao desenvolvemento de accións de cualificación e recualificación da poboación activa para o ano 2023.

Na sesión da Conferencia Sectorial do Sistema de Cualificacións e Formación Profesional para o Emprego celebrada o día 7 de maio de 2023, aprobáronse os criterios de reparto e a distribución resultante entre as Comunidades Autónomas para o ano 2023 dos fondos destinados a financiar a cualificación e recualificación profesional da poboación activa mediante accións formativas de carácter non formal vinculadas a cualificacións profesionais incluídas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais así como accións de acompañamento no procedemento de acreditación de competencias.

Décimo primeiro.- O artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante, Lei de subvencións) e, do mesmo xeito, os artigos 36.c e 40.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro,



polo que se aproba o Regulamento da lei, prevén a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

O procedemento para a concesión directa de subvencións establécese no artigo 26 da Lei de subvencións, no que se prevén os convenios como o instrumento habitual para canalizar as subvencións nominativas.

En base a razóns de interese social e de conformidade co previsto no artigo 26.2 a) da Lei de subvencións, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública para a subscripción deste convenio, xa que Aclunaga ten a condición de entidade representativa do sector da construción naval; posúe un amplo coñecemento deste, posto de manifesto nas funcións que ven desenvolvendo e integra entre os seus membros ás empresas que forman parte do ramo, resultando, en definitiva, un axente idóneo.

En virtude do anterior, e acreditado que Aclunaga cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 10 da Lei de subvencións, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

1. O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e Aclunaga para a realización de accións formativas de carácter non formal de cualificación e recualificación da poboación activa no sector da construción naval, que se axusten ás necesidades máis inmediatas da formación do capital humano das empresas do ramo e permitan a actualización das competencias profesionais ou a adquisición doutras novas no marco sectorial e empresarial do sector e que, con carácter orientativo, se recollen no Anexo I deste convenio.

2. Ademais, poderán realizarse accións de acompañamento para o procedemento de acreditación das competencias como poden ser, entre outras, a información e difusión dese procedemento, a asistencia para a configuración do portafolios documental da persoa candidata, a asistencia para a inscrición no procedemento e calquera outra acción que pida contribuír á acreditación das competencias profesionais. En todo caso, ese acompañamento limitarase a aquelas persoas que participen na acción formativa e así o soliciten.



Segunda.- Marco normativo específico de aplicación ao Convenio relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O marco normativo básico reitor deste instrumento, sen prexuízo da normativa en materia de subvencións, e especificamente no relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation, ven representado polas seguintes disposicións:

Regulamento (UE) 2020/2094, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19

Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España (aprobado o 16/06/2021 por Decisión do Consello de Europa)

Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR

Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR

Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Terceira.- Financiamento e contía da subvención

1. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade achegará a cantidade total de cento vinte e un mil catrocentos sesenta euros (121.460 €) con cargo á aplicación orzamentaria 13.50.323B.481.1 (código de proxecto 2022 00172) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento do obxecto do convenio e no marco do *"Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU"*.



Poderá incrementarse esta cantidade total como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito. A modificación do crédito dispoñible realizarase mediante a sinatura dunha addenda.

2. O importe do módulo por persoa formada será de 245 euros no caso de que sexa unha formación mínima de 30 horas e de 549 euros por persoa formada para o caso de que sexa unha acción formativa de 60 horas, sendo eses importes proporcionais ao número de horas maiores de 30 e menores de 60 horas, en base a aplicación dun axuste lineal. O módulo máximo de subvención será con independencia de que a acción formativa teña unha duración superior ás 60 horas.

Entenderase por persoa formada toda aquela que finaliza a acción formativa. Na modalidade presencial considerárase persoa alumna formada aquela que asista ao 80% das horas da dita acción formativa. Aquelas persoas inscritas na acción formativa, pero que non a finalizaran, considerárase como gasto subvencionable o 15% do módulo aplicable, debendo acreditarse, no seu caso, a inscrición formal e a realización de, polo menos, un 15% das horas totais da acción formativa.

No caso da modalidade de teleformación, entenderase como persoa alumna formada aquela que supere a totalidade dos controis propostos da correspondente acción, sempre que acredite unha permanencia mínima de conexión do 30% das horas do curso.

Cuarta.- Gastos subvencionables

1. O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos aos seguintes conceptos subvencionables ao abeiro deste convenio, conforme aos artigos 28 e 29 da Lei de subvencións, así como ao establecido no artigo 17 do Regulamento (UE) do Parlamento Europeo e do Consello, 2021/241, non tendo o carácter de recorrente. Serán susceptibles de formar parte do módulo de gasto por persoa formada, os seguintes:

a) Gastos dirixidos á formación para a cualificación e recualificación da poboación activa no sector da construción naval a través de accións formativas referenciadas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, incluíndo todos os custos indubidablemente vinculados á formación, tales como gastos organizativos, gastos directos e indirectos que puideran xerarse como consecuencia da programación, difusión, implementación, seguimento, avaliación e certificación das actividades formativas, gastos do persoal formador, gastos de aluguer, infraestruturas físicas ou telemáticas e outros gastos asociados.

b) Gastos asociados ao acompañamento para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral, de ser o caso.



2. O conxunto dos gastos recollidos no apartado anterior desta cláusula non poderán superar, para o total de persoas formadas, a contía modular establecida no apartado segundo da cláusula cuarta deste convenio.

3. O importe destas subvencións non constitúen unha axuda de Estado nos termos previstos nos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE), dado que as medidas obxecto do presente convenio realízanse no ámbito da educación pública, polo que se considera actividade non económica, ámbito exento das axudas de Estado, segundo o apartado 2.5 da Comunicación da Comisión relativa ao concepto de axuda estatal conforme ao disposto no artigo 107, apartado 1, do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Quinta.- Subcontratación

1. A entidade beneficiaria poderá subcontratar ata o 100% da acción formativa, de acordo co establecido no artigo 27 da Lei de subvencións e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento (no sucesivo, Regulamento da Lei de subvencións).

2. Para o caso de que a impartición da formación se efectúe a través da contratación con outra entidade, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores non vinculados entre si, con carácter previo á contratación do servizo, salvo que, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, nos termos do artigo 29 da Lei de subvencións. As ofertas presentadas deberán conter os mesmos conceptos ofertados.

No caso de renuncia dunha ou máis das entidades que presentaran as ofertas, estas deberán ser substituídas por outras ata acadar o mínimo de tres exixido.

A elección entre as tres ofertas presentadas, que se deberán achegar na xustificación, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposición económica máis vantaxosa.

3. Cando a actividade concertada con terceiros sobrepase do 20 por cento do importe da subvención e este importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:



a) Que o contrato se celebre por escrito.

b) Que a celebración deste se autorice previamente pola entidade concedente da subvención.

4. En ningún caso se poderá concertar, total ou parcialmente, a prestación ou adquisición de servizos ou subministracións necesarios para a execución da actividade subvencionada cunha persoa ou entidade vinculada coa entidade beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1ª. Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2ª. Que se obteña a autorización previa da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

Entenderanse por empresas vinculadas aquelas que se atopen nalgunha das situacións previstas no artigo 43 do Regulamento da Lei de subvencións.

A carga da proba de que a contratación se realiza en condicións normais de mercado corresponderá á entidade beneficiaria. A Administración actuante determinará a suficiencia ou insuficiencia da xustificación presentada.

5. Imputaranse a este concepto os gastos de subcontratación exclusivamente derivados da actuación que se axusten ao establecido no artigo 27 da Lei de subvencións. Non poderá realizarse a subcontratación con persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias consignadas no artigo 27.7 da Lei de subvencións.

O importe facturado pola empresa subcontratada, en relación cos custos nos que incorra para a prestación do servizo, non poderá superar as porcentaxes de gastos xerais de estrutura do contrato de obra que estableza a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, en virtude da previsión establecida no artigo 131.1 do Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

6. No caso de que se subcontrate todo ou parte da acción formativa, deberán de preverse os mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran co principio de "non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente" así como o previsto no artigo 8 da anteriormente citada Orden MFP 1030/2021, do 29 de setembro (Anexo II).

7. Nos contratos que se subscriban para acordar a subcontratación, deberá acreditarse que se recollen as garantías precisas para o tratamento de datos de carácter persoal, debendo incluír as cláusulas necesarias para o seu cumprimento, consonte ao establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



Sexta- Xustificación e pagamento

1. A xustificación da subvención realízase a través do réxime de módulos, de acordo co establecido nos artigos 52 a 55 do Regulamento da Lei de Subvencións, e os artigos 76 a 79 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. Para implementar este réxime de módulos, neste convenio tivéronse en conta como referencia os módulos económicos que por parte da Secretaría Xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación e Formación Profesional se estableceron para subvencionar accións formativas desta liña de cualificación e recualificación no marco do compoñente 20 do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

2. Aclunaga, no prazo de dous meses computado desde a finalización das actuacións previstas neste convenio e, en todo caso, o 31 de xullo de 2024, presentará ante a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a xustificación do cumprimento das actuacións subvencionadas e dos gastos realizados mediante o réxime de módulos.

Segundo o artigo 29 da Lei de subvencións os gastos vinculados á formación deben ser aboados con data límite o 12 de xullo de 2024.

3. A xustificación presentarase por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e incluírá a seguinte documentación, que deberá presentar a entidade beneficiaria para xustificar os obxectivos e fitos aos que se da cumprimento coa axuda concedida, de conformidade cos mecanismos de verificación establecidos:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das obrigas establecidas no convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha memoria económica xustificativa que conterá, como mínimo, os seguintes extremos:

1.º Acreditación ou declaración polo beneficiario do número de unidades físicas consideradas como módulos, é dicir, o número de participantes que remataron a acción formativa e, se é o caso, as accións de acompañamento para o procedemento de acreditación das competencias.

2.º Contía global da subvención xustificada, calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación presentada conforme aos módulos contemplados no apartado segundo da cláusula cuarta do presente convenio. A liquidación da subvención realizarase en función das persoas participantes que remataron a totalidade da acción formativa. A liquidación non poderá superar a contía global da subvención concedida prevista no apartado primeiro da cláusula cuarta do convenio.



O cálculo realizarase considerando o número de participantes que remataron a acción formativa polo módulo económico correspondente.

Para a xustificación da actividade subvencionada achegaranse ademais unha memoria relativa ás persoas participantes na acción formativa xunto cunha certificación da entidade beneficiaria que inclúa a relación de persoas participantes por cada acción formativa, indicando para cada persoa o período de permanencia na acción formativa.

c) Declaración responsable de non exceder os límites na imputación de custos relativos á subcontratación da docencia a través dun servizo externo. Aplicarase para tal fin o disposto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, en relación coas porcentaxes máximas de gastos xerais de estrutura do contrato de obra.

d) Para o caso de que a impartición da formación se efectúe a través da contratación con outra entidade, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, memoria xustificativa da elección entre as tres ofertas presentadas cando a elección non recaia na proposición económica máis vantaxosa.

e) Calquera outra documentación xustificativa ou informes que, de acordo coa normativa nacional ou europea, resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación.

Ao abeiro do disposto no artigo 55 do Regulamento da Lei de Subvencións, e no artigo 79 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, os beneficiarios estarán dispensados da obrigaón de presentación de libros, rexistros e documentos de transcendencia contable ou mercantil ou calquera outra documentación xustificativa dos gastos realizados, sen prexuízo da obrigaón do beneficiario de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das correspondentes actuacións de comprobación e control, segundo dispón o artigo 14.1. g) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, así como de calquera outra obriga derivada da normativa estatal ou da Unión Europea que así o esixa.

4. O persoal técnico da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación realizará a correspondente comprobación técnico-económica. No suposto de que a documentación presentada non cumpra cos requisitos sinalados neste convenio, conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase á entidade beneficiaria a súa emenda.

Se da dita comprobación resultase o incumprimento, total ou parcial, dos fins para os que foi concedida a subvención, das obrigas previstas no convenio ou dos requisitos establecidos para a xustificación, comunicarase tal circunstancia á entidade beneficiaria xunto aos resultados da



comprobación técnica e económica e iniciárase, de ser o caso, o procedemento de reintegro total ou parcial da subvención.

Sétima.- Pagamentos anticipados e liquidación

Logo da sinatura do convenio, poderán realizarse pagamentos anticipados por un importe de ata o 80% da subvención correspondente ás persoas participantes previstas na acción formativa, segundo o disposto no artigo 63 do Regulamento da Lei de subvencións.

Os anticipos deberán ser solicitados polas entidades beneficiarias xunto coa seguinte documentación:

- Solicitud do pagamento anticipado.
- Declaración responsable segundo o previsto no artigo 31.7 da Lei de subvencións, e nos artigos 10, 11 e 12 do Regulamento da Lei de Subvencións, de que a entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Regulamento da Lei de Subvencións , en relación cos artigos 63.2 e 67 do mesmo corpo legal, Aclunaga queda exonerada da constitución de garantías.

Respecto da liquidación, con data límite o 31 de xullo de 2024, Aclunaga presentará a xustificación das accións realizadas mediante a documentación e cos requisitos recollidos na cláusula sétima e, unha vez comprobada, aboaráselle a liquidación que proceda.

Oitava .- Obrigas xerais das partes

Aclunaga está obrigada a:

1. Desenvolver as actuacións recollidas neste convenio e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade prevista.
2. Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que implican as actuacións derivadas da execución do convenio e, en consecuencia, achegar a declaración responsable ou certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.



Aclunaga autoriza á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

3. Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

4. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación; pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control; así como das instancias comunitarias competentes a efectos dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

5. Conservar a documentación xustificativa da aplicación dos fondos percibidos durante un período de cinco anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación, segundo o artigo 22.2.f do Regulamento (UE) 2021/241, que remite ao respecto ao disposto no artigo 132 do Regulamento Financeiro).

6. Presentar, coa xustificación da realización das actividades obxecto deste convenio, unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei de subvencións, de conformidade co disposto nos artigos 10, 11 e 13 do Regulamento da citada lei.

7. Informar ao alumnado, con carácter previo ao inicio das accións formativas, do carácter non formal da formación a recibir e da necesidade da súa posterior acreditación a través dos procedementos que, en base ao Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, permanecen abertos na Comunidade Autónoma de Galicia ou de aqueles que, no mesmo marco normativo, puideran arbitrarse de xeito singular.

8. Reintegrar a contía percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas no convenio para a súa percepción.

9. Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigada a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.



10. Comunicar á Administración concedente a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade sen incorrer en dobre financiamento sobre o mesmo custo, procedentes de calquera outras Administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais.

A subvención regulada neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entidade, pública ou privada. Deberá quedar, en todo caso, identificada nitidamente a trazabilidade dos gastos.

Conforme ao artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, os proxectos financiados polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia poden recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo que os que xa financie a subvención deste programa.

11. En materia de publicidade e información, a entidade deberá cumprir coas seguintes obrigas:

a) As relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, conforme á normativa europea e nacional que resulte aplicable. En particular, e en defecto de que se aprobe unha previsión máis específica ao respecto por orde ministerial do Ministerio de Facenda e Función Pública, nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolvan inversións (carteis informativos, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados, etc.), deberá incluírse o emblema da Unión Europea, que incorpora o texto <<Financiado por la Unión Europea-NextGenerationEU>>. Deberán terse en conta as normas gráficas e cores normalizadas establecidos no Anexo II do Regulamento de Execución 821/2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consejo no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, á presentación de información sobre os instrumentos financeiros, ás características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións e ó sistema para o rexistro e almacenamento de datos. Tamén se pode consultar a seguinte páxina web: <http://publications.europa.eu/code/es/es-5000100.htm> e descargar distintos exemplos do emblema en: https://europa.eu/european-union/about-eu/symbols/flag_es#download

b) As establecidas no artigo 15 da Lei de subvencións. Neste sentido, toda referencia en calquera medio de difusión sobre as actuacións obxecto do convenio deberá incluír que está financiada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Ministerio de Educación e Formación Profesional.

O incumprimento desta obriga considerarase infracción leve, de acordo co artigo 54.c) da Lei de subvencións, e sancionarase cunha multa fixa nos termos previstos no artigo 57 da dita lei. Así



mesmo, poderá ser causa de reintegro, de acordo co establecido no artigo 33.1.d) da norma, e no artigo 75 do Regulamento da citada lei.

12. A entidade beneficiaria deberá contribuír aos obxectivos de soberanía dixital e autonomía estratéxica da Unión Europea, así como garantir a cadea de subministro tendo en conta o contexto internacional e a dispoñibilidade de calquera compoñente ou subsistema tecnolóxico que poida formar parte da solución, mediante a adquisición, cando proceda, de equipos, compoñentes, integracións de sistemas e software asociado a provedores situados na Unión Europea.

13. As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei de subvencións.

Pola súa banda, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade colaborará no financiamento do custo das actuacións de conformidade co establecido na cláusula cuarta.

De acordo co previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021 e no Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos, a Administración comprométese a garantir o cumprimento do principio de “non causar dano significativo” (principio “do no significant harm – DNSH”) e o relativo a etiquetaxe verde e dixital.

Así mesmo, en orde a dar cumprimento a obriga de prevención, detección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de intereses como refire o artigo 6 da Orde HFP/1030/2021 conforme ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro do 2021, en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión Europea, sublíñase a existencia da canle de denuncias do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA), que resulta aplicable para todo proxecto ou operación financiado total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea (<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>), como sinala a Comunicación 1/2017, de 6 de abril, do dito Servizo co obxectivo de que calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, podan poñelos en coñecemento do devandito Servizo.

Novena.- Características e execución da actividade formativa.

1. As accións formativas, de carácter non formal, deberán identificar nos seus contidos formativos a unidade ou unidades de competencia das cualificacións profesionais incluídas no Catálogo Nacional



de Cualificacións Profesionais na que se describen as realizacións profesionais para as que se oferta a formación, de xeito que se permita a súa futura acreditación formal a través do procedemento de recoñecemento da competencia profesional adquirida pola experiencia laboral e outras vías non formais de formación recollido no Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, pola que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.

Así mesmo, deberán estar relacionadas coas actividades e profesións que se encadran dentro do sector estratéxico ao que pertence a entidade, co obxectivo de promover unha oferta formativa que dea resposta ás demandas de competencias e cualificacións dentro dun mercado laboral incurso en procesos de transformación dixital e de innovación.

2. Todas as accións formativas que se programen contarán cun mínimo de 30 horas e un máximo de 60 horas de formación non formal.

5. O prazo de execución das accións a desenvolver ao abeiro deste convenio comprenderá dende o 2 de xaneiro ata o 30 de xuño de 2024.

3. A formación poderá realizarse de modo presencial, teleformación ou mixta.

Na modalidade presencial poderá empregarse a aula virtual, que sempre deberá ser o "Campus Virtual de formación para o emprego" que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade poñerá ao seu dispor. Nestes supostos será necesario que todos os alumnos cumpran os requisitos técnicos requiridos, incluíndo o mantemento da cámara web acesa en todo momento.

Na modalidade de teleformación o uso do "Campus Virtual de formación para o emprego" será opcional. As plataformas de teleformación alternativas deberán cumprir os criterios técnicos e de calidade que se especifiquen nas instrucións para a xestión das accións formativas deste convenio e deben estar a disposición da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación ao menos durante os tres anos seguintes á finalización da formación a efectos de control e seguimento.

Para levar a cabo as sesións que requiran presenza física permitirase o uso das instalacións dos centros propios de formación profesional para o emprego dependentes da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade sempre e cando sexa posible e non incida na programación de accións formativas do centro.

A participación do alumnado nas accións formativas a impartir na modalidade presencial, tanto nun lugar físico como en aula virtual, ou na parte presencial da modalidade mixta non será superior a 8 horas diarias e 40 semanais.



2. Aclunaga comprométese a empregar a aplicación SIFO para a execución das accións formativas, na que rexistrarán o calendario de realización das accións formativas, a relación do alumnado e profesorado e as súas asistencias por acción formativa e día.

O control de presenza realizarase mediante un sistema de control biométrico compatible co sistema establecido polo Servizo Público de Emprego de Galicia. Cando as accións formativas se impartan na modalidade presencial en aula virtual, os datos de asistencia deberán ser mecanizados pola entidade beneficiaria no sistema informático SIFO nos cinco días hábiles seguintes á realización da acción formativa.

3. O inicio das accións formativas requirirá a validación previa, a través da aplicación informática SIFO, do cumprimento de requisitos e condicións por parte do persoal técnico da unidade administrativa competente.

Non poderá iniciarse ningunha acción formativa se non se reúne un mínimo de 5 persoas alumnas o primeiro día e, para a modalidade de teleformación, o número máximo de participantes será de 80 persoas por acción formativa.

4. Na formación impartida na modalidade de teleformación, realizarase como mínimo unha avaliación cada 15 horas, de xeito que se acredite que o alumnado realizou o itinerario formativo de acordo coa secuencia deseñada para os contidos da acción formativa e que realizou os exercicios e/ou probas que se determinen pola entidade. Para acreditar a superación da acción formativa requirirase unha permanencia mínima de conexión do 30% das horas do curso.

5. Establécese a obriga de contratar un seguro de accidentes para o alumnado, para o caso das accións formativas que se van impartir na modalidade presencial, así como para a parte presencial da modalidade de teleformación e/ou mixta, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso como os do traxecto en concepto de desprazamento ao lugar de impartición das clases teóricas, prácticas, visitas didácticas, titorías e probas presenciais.

A súa duración abranguerá o período da acción formativa, incluíndo expresamente as prácticas en empresas cando estas se realicen, sen que se poida admitir restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado. Non se admitirán pólizas con franquías.

O seguro deberá ter a seguinte cobertura mínima:

- a) No caso de morte: 60.000 €.
- b) No caso de invalidez permanente: 60.000 €.
- c) Asistencia médico-farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro.



Así mesmo, será obrigatorio contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que poidan derivar para os bens e as persoas cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas co curso. Non se admitirán pólizas con franquías.

Décima.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado á mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo primeira.- Resolución do convenio

Serán causas de resolución do Convenio, as seguintes:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- As modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade .
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Ademais, o incumprimento total dos fins do convenio, a non realización das actividades previstas ou o incumprimento da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da contía xa percibida.

Calquera outro incumprimento parcial dos fins do convenio ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro ao Tesouro da Xunta de Galicia das contías xa aboadas na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a subscrición do convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións ou entes



públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía contemplada no presente convenio.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución, así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión paritaria de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, por dúas persoas funcionarias da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, e dúas persoas por parte de Aclunaga.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e á Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e rexerase polas súas propias cláusulas. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para entender dos litixios que puideran xurdir.

En todo o non sinalado estarase ao previsto pola Lei de subvencións, o seu regulamento, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.

Décimo cuarta.- Publicidade do convenio.

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).



Décimo quinta.- Protección de datos.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo sexta.- Réxime de modificación

O contido deste convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes, a través da sinatura dunha addenda.

Neste sentido e segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios suscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxetivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Estas modificacións terán como fin a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.



Décimo sétima.-Vixencia

O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Por acordo das partes e no Marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, este convenio poderá ser obxecto de prórroga.

En proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asinan o exemplar na data indicada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A conselleira de Promoción do Emprego e
Igualdade

O xerente de Aclunaga

Elena Rivo López

Óscar Manuel Gómez Díaz

Anexo I

Proposta formativa de referencia

(con referencia ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais)

Denominación acción formativa	Referencia a CNCP	Horas	Número de persoas alumnas	Número de edicións	Modalidade de impartición	Prezo por módulo	Custo
Rhinoceros 7.0 Avanzado	UC1148	40	12	1	Aula virtual	346 €	4.152,00 €
POWER BI DESKTOP - Creación de Modelos y Análisis de Datos	UC0233	30	15	1	Aula virtual	245 €	3.675,00 €
Iniciación Solidworks	UC1148	30	14	1	Aula virtual	245 €	3.430,00 €
Solidworks Avanzado	UC1148	30	14	1	Aula virtual	245 €	3.430,00 €
Delineación naval	UC1148	30	14	1	Aula virtual	245 €	3.430,00 €
Rhinoceros 7.0 Iniciación	UC1148	40	12	1	Aula virtual	346 €	4.152,00 €
Interpretación de planos	UC0099_2	30	15	2	Presencial	245 €	7.350,00 €
Maquinaria y herramientas para la manipulación de poliéster, usos y medidas preventivas	UC1457_1	60	12	1	Presencial	549 €	6.588,00 €
Polimeros termoes- tables y granulome- tría	UC1457_1	60	12	1	Presencial	549 €	6.588,00 €
Pastas caracateristi- cas y aplicaciones.	UC1457_1	30	12	1	Presencial	245 €	2.940,00 €
Metodologías de trabajo en la elabo- ración de laminados plasticos	UC1457_1	60	12	1	Presencial	549 €	6.588,00 €
Elaboración de lami- nados plasticos para buques	UC1457_1	60	12	1	Presencial	549 €	6.588,00 €
Practiclas de lamina- do para diferentes tipologías de bu- ques.	UC1457_2	30	12	1	Presencial	245 €	2.940,00 €
Seguridad y preven- ción de riesgos para trabajadores del sector eólico	UC0618	35	12	1	Presencial	296 €	3.552,00 €
Ventas industriales	UC0239	30	15	1	Aula virtual	245 €	3.675,00 €



Denominación acción formativa	Referencia a CNCP	Horas	Número de persoas alumnas	Número de ediciones	Modalidade de impartición	Prezo por módulo	Custo
Gestión de proyectos	UC1267	35	12	1	Presencial	296 €	3.552,00 €
Solidworks Avanzado	UC1148	30	10	1	Presencial	245 €	2.450,00 €
Conocimiento general de procesos productivos en la construcción naval	UC812_3	60	15	1	Aula virtual	549 €	8.235,00 €
Diseño 2D y 3D en construcción naval. Iniciación	UC815_3	60	15	1	Aula virtual	549 €	8.235,00 €
Diseño 2D y 3D en construcción naval. Intermedio	UC815_3	60	15	1	Aula virtual	549 €	8.235,00 €
Diseño 2D y 3D en construcción naval. Avanzado	UC815_3	60	15	1	Aula virtual		8.235,00 €
Project Management	UC1267	50	15	2	Teleformación	448 €	13.440,00 €
						TOTAL	121.460 €

